

ESENCIAIS: CARLOS SAURA

UNIVERSO HITCHCOCK (I)

FKM FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA FANTÁSTICO DA CORUÑA

A ILUSIÓN É PERFECTA: PREMIOS SOPHIA 2019

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: FERNANDO REDONDO NEIRA

DESECADRES: JEAN ROUCH / STAN BRAKHAGE (36)

FÓRA DE SERIE: DIVERSIDARTE / PALMARÉS NOVOS CINEMAS 2018 / INTERSECCIÓN

CGAI JÚNIOR

OFF GALICIA

XUNTA DE GALICIA

## ESENCIAIS: CARLOS SAURA

En colaboración con Amigos de la Ópera de A Coruña.

“Irmán do pintor Antonio Saura, comeza a estudar enxeñaría antes de se converter en fotógrafo profesional e de ingresar no IIEC, onde, en 1957, se diploma en dirección coa práctica *La tarde del domingo*. Nese mesmo ano filma Cuenca, unha curtametraxe en cor en que, seguindo o precedente buñueliano de *Las Hurdes*, tenta trascender os límites do cine documental e, en 1959, con produción de Films 59 (a empresa de Pere Portabella), debuta como director con *Los golfos*, un retrato críptico e realista da mocidade marxinal da época, que, coa súa frescura, a súa vontade experimental e a súa ausencia de moralismos e de sentimentalismos, se sitúa como peza de engarzamento entre o rexeneracionismo de raíz neorrealista e o Novo Cine Español. Tras a súa seguinte longametraxe —*Llanto por un bandido* (1963)—, comeza unha longa colaboración co produtor Elías Querejeta, cuxo primeiro froito é *La caza* (1965), unha sorte de alegoría e de parábola política sobre a guerra civil española, que, coa súa vontade metafórica, sinala outro dos camiños polos que transitará o cine español dos anos vindeiros. (...) A partir de aquí a súa filmografía inténase polos territorios do subxectivismo, da memoria e da representación simbólica para ofrecer, dentro dos canles do cine metafórico da transición política, o mellor da súa obra con títulos coma *El jardín de las delicias* (1970), *La prima Angélica* (1973), *Cría cuervos* (1975) ou *Elisa, vida mía* (1976), que obteñen un importante recoñecemento internacional. O desenvolvemento posterior da súa filmografía seguiu un camiño máis diversificado, sen encontrar, entre as diferentes propostas bosquexadas desde daquela, un discurso tan persoal coma o desenvolvido na súa primeira etapa.” (Antonio Santamarina).

“(…) Se alguén dixese que son discípulo de Buñuel diríalle que é imposible porque ninguén pode selo. Si é verdade que había mundos moi coincidentes e tivemos longuísimas conversas sobre moitos temas. Poida que houberse algunha influencia, seguro que si. (...) *Llanto por un bandido* puido ser unha película preciosa. Estaba concibida como unha película grande de aventuras e de bandolerismo. Xurei que endexamais faría unha película sen os medios necesarios e non a volví facer. A min enganoume Dibildos [o produtor], porque me prometera moitos medios, mais como coincidiu coa rodaxe de *El tulipán negro*, todo o que tiñamos preparado levouno para aló. (...) De todas formas, hai películas miñas, como *La caza* o *Deprisa, deprisa*, que son produto dun momento de violencia, de carraxe persoal... (...) Alfredo Mayo estaba entusiasmado co guión e quería que fixeramos *La caza* custase o que custase. Levoume a varias produtoras e non había maneira. Consideraban que non era un guión, que non había historia, que non lle ía interesar á xente... e apareceu Elías, ao que eu víra en UNINCI e que formaba parte dese grupo de novos valores. É a única película que producín na miña vida, e fíxena ao cincuenta por cento con Elías. El conseguiu un millón de pesetas e eu outro, e con iso fixemos *La caza*. (...) Decidín facer unha película de cámara e controlalo todo na rodaxe. É unha marabilla poder traballar así. E, ademais, rodar por rigorosa orde de guión. Todas as miñas películas a partir de *La caza* seguen ese esquema, porén con algunha variación. Se é posible, comezamos polo principio, reservamos o final da historia para o final da rodaxe e, entremetres, ves como medra a historia e como medran os personaxes. (...) Cando Buñuel viu a película, que lle gustou moito, e ata dixo que a quixera facer el, pedíume que lle mandase o guión. Cando o leu, díxome que iso non era un guión, e era verdade, porque só había catro personaxes falando e cazando. Interesábame moito non só a realidade deses tipos, senón tamén o que pensaban. Se cadra era bastante novidoso inserir o que pensaban e o que soñaban. Nese sentido, estaba moi preto de Buñuel, en xogar cos tempos, cos espazos, en como interfíren o soño ou a imaxinación.” (Declaracións de Carlos Saura a Concha Gómez)

Textos tirados de Carlos F. Heredero e José Enrique Monterde (eds.), *Los "nuevos cines"* en España. Ilusiones y desencantos de los años sesenta. Institut Valencià de Cinematografía Ricardo Muñoz Suay, Festival Internacional de Cine de Gijón, CGAI-Filmoteca de Galicia, Filmoteca de Andalucía, Filmoteca Española, 2003.

Agradecementos: Filmoteca Española, Dibildos Films, Vídeo Mercury.

## UNIVERSO HITCHCOCK

“Esqueceuse por que Joan Fontaine se debruza ao bordo do acantilado e que é o que Joel McCrea ía facer a Holanda. Esqueceuse a conto de que Montgomery Clift garda eterno silencio e por que Janet Leight parou no motel Bates, e por que Teresa Wright está aínda namorada do tío Charlie. Esqueceuse que Henry Fonda non é completamente culpable e por que exactamente o goberno americano contratou a Ingrid Bergman. Mais, lembrámonos dun bolso. Mais, lembrámonos dun autocar no deserto. Mais, lembrámonos dun vaso de leite, das aspas dun muíño, dun cepillo. Mais, lembrámonos dunha fileira de botellas, dun par de lentes, dunha partitura de música, dun feixe de chaves. Porque a través deles e con eles Alfred Hitchcock triunfou alí onde fracasaron Alejandro, Julio César, Hitler, Napoleón... Tomar o control do universo... tomar o control do universo.”

Jean-Luc Godard, “Episodio 4a, El control del universo”, *Histoire(s) du cinéma*, 1998.

“O cine —especialmente o cine de Hitchcock— é un medio de expresión artística comercial. As películas de Hitchcock son —polo xeral— populares: en realidade algunhas das súas mellores películas (*La ventana indiscreta*, *Psicosis*) figuran entre as máis populares. Disto se desprende a suposición xeneralizada de que, non importa que ‘enxeñosas’, ‘tecnicamente brillantes’, ‘entretidas’, ‘cativadoras’, etc. poidan ser, non poden tomarse en serio do mesmo xeito que tomamos en serio, poñamos por caso, as películas de Bergman ou Antonioni. As de Hitchcock deben ser, se non absolutamente malas, cando menos fatalmente defectuosas desde un punto de vista serio. E a quen adopta este criterio resúltalle bastante doado sinalar todo tipo de ‘concesións á venda de entradas’, compromisos fatais cun gusto popular corrompido: Hitchcock recorre unha e outra vez ao xénero do suspense en busca de material; xeneralmente utiliza estrelas consagradas que son ‘personalidades’ primeiro e actores despois: na súa obra hai un marcado elemento de humor, gags e ‘alivio cómico’ que efectivamente socavan calquera pretensión de seriedade sostida no ton. Para alguén cuxa formación sexa primordialmente literaria, estas obxeccións evocan decididamente algo moi coñecido. Un recorda o xénero ‘comercial’ —e na súa época intelctualmente desprestixiado— do drama isabelino; pensamos naqueles correctores de textos que desexaron eliminar a escena de Porter de *Macbeth* porque o seu ton de comedia festiva é incompatible co ambiente de traxedia; nas queixas do doutor Johnson sobre a ficción de Shakespeare aos ‘xogos de palabras’ e os conceptos rebuscados; nas críticas de Robert Bridges ás escenas festivas en obras como *Measure for Measure*. O razoamento, en todos estes casos, era basicamente o mesmo: Shakespeare permitiuse esas lamentables desviacións da seriedade sublime só para dar gusto ao ‘vulgo’; ou, se nos resulta imposible admitir tal cousa, podemos consolarnos coa reflexión de que talvez foron interpolacións debidas a algunha outra persoa.

Agora ben, non nos interesa negar as imperfeccións de Shakespeare e tampouco as de Hitchcock. (...) Mais do que non desexamos despoixar nin a Shakespeare nin a Hitchcock é precisamente da riqueza que a obra de ambos a dous deriva do sentido de contacto vivo cun amplo público popular. Desexar que as películas de Hitchcock fosen como as de Bergman ou Antonioni equivalería a desexar que Shakespeare fose como Corneille (que foi o que desexaron en realidade os seus críticos do século XVIII). Isto non implica falta de respecto a Corneille (nin a Bergman ou Antonioni) que pode ofrecernos experiencias que Shakespeare non pode darnos; o que quere implicar é que Shakespeare pode ofrecernos experiencias máis ricas, e que se dalgún modo elimináramos toda pegada de atractivo ‘popular’ de Shakespeare e Hitchcock, daquela perderíamos a Shakespeare e a Hitchcock.”

Robin Wood, *El cine de Hitchcock*. México, D.F., Ediciones Era, 1968, pp. 10-11.

## FKM

En colaboración con



O FKM Festival Internacional de Cinema Fantástico da Coruña celebra este ano a súa 11ª edición. FKM naceu debido á necesidade de crear un evento dedicado aos xéneros cinematográficos do fantástico, do terror e da ciencia ficción, non só no marco da cidade da Coruña, tamén en Galicia. O Festival FKM está a encher un oco den-

tro do audiovisual e a se constituir coma o primeiro Festival de xénero de Galicia. O FKM ofrece unha cuidada escolma de longametraxes e curtametraxes de amplo percorrido polos mellores festivais do mundo e detén o seu foco nomeadamente nas producións galegas.

Este ano o FKM presenta no CGAI o *Concurso Internacional de Longametraxes* e o *Concurso Internacional de Curtametraxes*, en que participan as mellores producións nacionais e internacionais de xénero fantástico de 2018 e 2019. Por outra banda, a sección SEN LÍMITES presenta unha escolla de curtametraxes fóra de concurso, que debido á súa gran calidade artística non queríamos deixar á marxe do Festival. E na sección MADE-IN-GALICIA, adicada a producións galegas, presentamos fóra de concurso *Las Brujas de Elente* (2018), primeira película do ourensán Simón Vázquez, de xénero fantástico, financiada por *crowdfunding* e rodada en Ourense.

Caracterizado polas súas edicións temáticas, nesta ocasión o festival centrarase nas UTOPIAS E DISTOPIAS, e renderá homenaxe ao cineasta canadense David Cronenberg, no 50º aniversario da súa primeira longametraxe, *Stereo (Tile 3B of a CAEE Educational Mosaic)*, que será presentada por Alberto Ruiz de Samaniego (UVIGO), doutor en Filosofía e magister en Estética e Teoría das Artes.

## SEGUNDA VEZ

“Esta peza é un traballo analítico, de observación minuciosa, autoconsciente e autocrítico, que emprega a repetición e a ollada para abrir diversas liñas de pensamento arredor da arte, da figura do artista, e todo o que supón o performativo e os elementos que o rodean, desde o máis artístico ou conceptual, ata o máis cotián, concreto, político. Por unha parte, a peza audiovisual en si incide directamente nesta idea de repetición, é a materialización da “segunda vez”, o acto de mirar solidifícase na documentación das performances, que se repiten, mais non son iguais: Ser mirado. Mirar. En *Segunda Vez* reencontrámonos constantemente coa figura do observador, aquela que fai posible a repetición do que sucedeu. Unha obra só é reproducíble se alguén a viu, repítese porque se sabe que se repite.

Porén, o espectador ou o lector —a cuarta parede— son terriblemente contraditorios, un personaxe máis, a peza clave, encargada de revivir algo no presente que non viviu no pasado. A Segunda Vez, o novo espectador reacciona a practicamente o mesmo que o da primeira, mais o primeiro e o segundo nunca son a mesma persoa, mesmo se o son. Recoñecemos o que coñecemos e descoñecemos o que re-pretimos: Recoñecer.

O espectador é observado. As persoas, con independencia de se son conscientes ou non, non son elas mesmas, senón o que o observador cre que son. Interpretar e reinterpretar. Interpretar implica maior variación no contido que na forma. Reinterpretar maior na forma que no contido. O avance, en calquera dos dous casos, é lento mais constante.

A segunda vez tamén é volver, aínda que non se estivese nunca. Volver ao futuro, imaxinarse o que vai pasar, construír unha ponte cara a mesma ribeira da que se parte. A segunda vez apréndese algo que xa se sabe, ou vólvese experimentar algo que non se experimentara. A segunda vez a artista ten dúas responsabilidadeas. E poida que sempre sexa a primeira vez.”

Noa Castro Lema (Intersección)

Outros agradecementos: Diversidarte - Festival das Artes Inclusivas; Margarita Ledo Andión, José Luis Castro de Paz, Francisco Castro; Frida Films; Ángel Santos Touza/Novos Cinemas - Festival Internacional de Cinema de Pontevedra; Manuel Así/Círculo de Bellas Artes de Madrid, Alejandro Fernández Moreno; Alicia Deza/Netflix España; Dora García, Gonzalo Veloso/Intersección - Festival de Arte Audiovisual Contemporáneo; Antón Reixa, Fernando Redondo Neira; Filmoteca Española; Ministerio de Agricultura, ICAA, Múrcia, Jaione Camborda, Víctor Hugo Seoane.



MARTES

Set. **10**  
**20.30h.**  
*Carlos Saura*  
**LLANTO POR UN BANDIDO** (1964)  
 100'. 35mm + DCP (créditos orixinais).

Set. **17**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**HITCHCOCK/TRUFFAUT**  
 Kent Jones, 2015  
 79'. DCP. Subt. Castelán.



Set. **24**  
**20.30h.**  
*A Ilusión é perfecta: Premios Sophia*  
**RAIVA**  
 Sérgio Tráfaut, 2018  
 84'. DCP. Subt. Castelán.  
 Presentación. Entrada de balde.

Out. **01**  
**18 e 20.30h.**  
*Fóra de serie/Novos Cinemas*  
**SUBURBAN BIRDS**  
 Qiu Sheng, 2018  
 118'. DCP. Subt. Castelán.  
 Presenta: Ángel Santos.

Out. **08**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**78/52: LA ESCENA QUE CAMBIÓ EL CINE**  
 Alexandre O. Philippe, 2017  
 91'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **15**  
**18h.**  
*FKM/Sen límites e Concurso internacional de longametraxes*  
**Películas por determinar**  
 Presentación. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*FKM/Concurso internacional de longametraxes*  
**Películas por determinar**  
 Presentación. Entrada de balde.

Out. **22**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**RECUERDA** (1945)  
 111'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **29**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Patrimonio Audiovisual*  
**Diarios del exilio**  
 45'. DCP. Entrada de balde. En colaboración con Filmoteca Española.

**20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**EL ENEMIGO DE LAS RUBIAS**  
 (1927)  
 91'. DCP. Muda-Subt. Galego\*.

MÉRCORES


Set. **11**  
**18h.**  
*Carlos Saura*  
**LA CAZA** (1966)  
 83'. 35mm.

**20.30h.**  
*Carlos Saura*  
**EL DORADO** (1988)  
 149'. 35mm.

Set. **18**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**REBECA** (1940)  
 130'. DCP. Subt. Castelán.



Set. **25**  
**20.30h.**  
*A Ilusión é perfecta: Premios Sophia*  
**O LABIRINTO DA SAUDADE**  
 Miguel Gonçalves Mendes, 2018  
 65'. DCP. Subt. Castelán.  
 Presentación. Entrada de balde.



Out. **02**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**39 ESCALONES** (1935)  
 86'. 35mm. Subt. Castelán.



Out. **09**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**PSICOSIS** (1960)  
 109'. 35mm. Subt. Castelán.



Out. **16**  
**18h.**  
*FKM/Sen límites e Concurso internacional de longametraxes*  
**Películas por determinar**  
 Presentación. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*FKM/Sen límites e Concurso internacional de longametraxes*  
**Películas por determinar**  
 Presentación. Entrada de balde.

Out. **23**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**ENCADENADOS** (1946)  
 102'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **30**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Muller e medio rural*  
**VERENGO**  
 Víctor Hugo Seoane, 2015  
 61'. DCP. Presentación.  
 Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**LA VENTANA INDISCRETA** (1954)  
 112'. DCP. Subt. Castelán.

**Información xeral**  
 Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.

XOVES

Set. **12**  
**18h.**  
*Carlos Saura*  
**CRÍA CUERVOS** (1976)  
 105'. 35mm.

**20.30h.**  
*Carlos Saura*  
**¡AY, CARMELA!** (1990)  
 102'. 35mm.

Set. **19**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**ATRAPA A UN LADRÓN** (1955)  
 106'. 35mm. Subt. Castelán.



Set. **26**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Diversidade*  
**Concurso Diversimacine: Selección Diversidade Sexual 2**  
 102'. HD. Subt. Castelán.  
 Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Off Galicia*  
**GALLO**  
 Antonio Díaz Huerta, 2018  
 80'. DCP. Presentación.  
 Entrada de balde.

Out. **03**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Diversidade*  
**Concurso Diversimacine: Selección Diversidade Funcional**  
 94'. HD. Subt. Castelán.  
 Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Fóra de serie/Novos Cinemas*  
**UN VIOLENT DÉSIR DE BONHEUR**  
 Clément Schneider, 2018  
 75'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **10**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Novos Cinemas*  
**SOPHIA ANTIPOLIS**  
 Virgil Vernier, 2018  
 98'. DCP. Subt. Castelán.

**20.30h.**  
*Desencadres*  
**PETIT À PETIT** (Partes 1 e 2)  
 Jean Rouch, 1969  
 151'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **17**  
**18h.**  
*FKM/Utopías e distopías*  
**STEREO (TILE 3B OF A CAEE EDUCATIONAL MOSAIC)**  
 David Cronenberg, 1969  
 65'. DCP. Subt. Castelán. Presenta: Alberto Ruiz de Samaniego. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Fóra de serie*  
**DIECISIETE**  
 Daniel Sánchez Arévalo, 2019  
 100'. DCP.

Out. **24**  
**18 e 20.30h.**  
*Fóra de serie*  
**AL OTRO LADO DEL VIENTO**  
 Orson Welles, 1970-2018  
 122'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **31**  
**18 e 20.30h.**  
*Fóra de serie*  
**ROMA**  
 Alfonso Cuarón, 2018  
 135'. DCP.

VENRES

Set. **13**  
**18h.**  
*Carlos Saura*  
**DEPRISA, DEPRISA** (1981)  
 99'. 35mm.

**20.30h**  
*Fóra de serie*  
**LARGO VIAJE HACIA LA NOCHE**  
 Bi Gan, 2018  
 138'. DCP (2D). Subt. Castelán.

Set. **20**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Diversidade*  
**Concurso Diversimacine: Selección Diversidade Sexual 1**  
 102'. HD. Subt. Castelán. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Fóra de serie/Presentación libro "A foresta e as árbores"*  
**TROTE**  
 Xacío Baño, 2018  
 83'. DCP. Presentan: Margarita Ledo Andión (coordinadora), José Luis Castro de Paz (autor) e Francisco Castro (Editorial Galaxia). Entrada de balde.

Set. **27**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**SABOTAJE** (1942)  
 109'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **04**  
**18 e 20.30h.**  
*Universo Hitchcock*  
**CON LA MUERTE EN LOS TALONES** (1959)  
 136'. DCP. Subt. Castelán.


Out. **11**  
**18h.**  
*Desencadres*  
**PETIT À PETIT** (Parte 3)  
 Jean Rouch, 1969  
 79'. DCP. Subt. Castelán. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*Desencadres/Stan Brakhage #36*  
**Murder Psalm** (1981) **Confession** (1986) **Marilyn's Window** (1988) **The Thatch of Night** (1990) **Notebook** (Marie Menken, 1963)  
 61'. 16mm.

Out. **18**  
**18h.**  
*FKM/Concurso internacional de curtametraxes*  
**Programa 1**  
 Presentación. Entrada de balde.

**20.30h.**  
*FKM/Concurso internacional de curtametraxes*  
**Programa 2**  
 Presentación. Entrada de balde.

Out. **25**  
**18h.**  
*Fóra de serie*  
**LA MIRADA DE ORSON WELLES**  
 Mark Cousins, 2018  
 115'. DCP. Subt. Castelán.

**21h**   
*Fóra de serie/Intersección*  
**SEGUNDA VEZ**  
 Dora García, 2018  
 94'. DCP. Presenta: Dora García.  
 Entrada de balde.



A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

**Sala de proxeccións**  
 CGAI. Durán Loriga, 10 baixo, 15003 A Coruña  
 Tel.: 881 881 270 Fax: 881 881 271  
 e-mail: cgai@xunta.gal

SÁBADO

Set. **14**  
**18h.**  
*Carlos Saura*  
**GOYA EN BURDEOS** (1999)  
 100'. 35mm.

Set. **21**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Diversidade*  
**Concurso Diversimacine: Selección Exclusión Social**  
 93'. HD. Subt. Castelán.  
 Entrada de balde.

Set. **28**  
**18h.**  
*Fóra de serie/Diversidade*  
**Concurso Diversimacine: Selección Perspectiva de Xénero**  
 88'. HD. Subt. Castelán.  
 Entrada de balde.



Out. **05**  
**18h.**  
*CGAI Júnior*  
**MIRAI, MI HERMANA PEQUEÑA**  
 Mamoru Hosoda, 2018  
 98'. DCP. Versión castelá. Entrada de balde. (+5 anos).



Out. **26**  
**18h.**  
*Pensando en cine, pensando en Galicia*  
**Programa Sociedade Amigos do Campo** (1925-1934)  
 40'. HD. Presentación do libro "Os amorosos de Bergman". Con Antón Reixa e o escritor Fernando Redondo Neira. Entrada de balde.

**Subtitulado electrónico**: Subtitula'm S.L.

**Información adicional sobre ciclos e filmes**: <https://cgai.xunta.gal>

Programación  
**253**

set. / out. 2019